


---

# Atención á diversidade e universo dixital

---

**Moderador: Juan José Fernández García** (@jufega)

Venres 17 de abril na aula 25 (19:10 a 20 horas)



---

## Puntos de partida

- Comunicación alternativa e aumentativa. Tablets, comunicadores e Miracast.
- Accesibilidade, usabilidade e sinalética: aínda no quilómetro 0.
- Adaptar contidos e recursos: algo máis que cambiar a soporte dixital.
- O ensino inclusivo: un cambio de chip que non da chegado.
- Inclusión emocional: organizar persoas, espazos e tempos fóra da aula.



**Sala Aberta en escolatic2015**

## Desenvolvemento

Despois dunha dinámica de dramatización onde diversos asistentes asumiron un rol, foron xurdindo diferentes temas de debate.

O moderador explicou como visionar nunha pantalla o que temos nun dispositivo móbil por wifi co dispositivo Miracast.

Falou tamén de sitios web e APPs imprescindibles como Androides en el aula, ACCEGAL (Comunicadores para dispositivos móbiles Android), AraBoard (Ferramentas de soporte da comunicación alternativa e aumentativa), CPA (Comunidades Para Autistas), CreAPPCuentos ou Pictoaplicaciones.

O formato "Sala Aberta" estaba planificado para 40 persoas sentadas en roda. Por petición dos asistentes ampliamos ata completar aforo chegando aos 103 participantes.

---

## Ideas chave que xurdiron nesta sala aberta

- Coidado cos prexuízos!
- Importancia de non etiquetar.
- Evitamos as palabras fortes para contentar a todos e non chamar ás cousas polo seu nome.
- Inclusión emocional.




---

# A formación en TIC. Está á altura?

**Moderador: Pablo Nimo Liboreiro** (@pablonimo)

Venres 17 de abril na aula 25 (20:10 a 21)



---

## Puntos de partida

- Que modalidade prefires: formación en rede, presencial, mixta, autoformación, formación entre iguais...?.
- Os itinerarios actuais de competencia dixital docente. Son precisos?. Eivas e acertos.
- Que temáticas botas en falta na oferta formativa en TIC?.
- Posúen os docentes formación en TIC suficiente cando rematan os seus estudos universitarios?.
- É necesaria a formación en TIC ou mellor unha formación en TAC?.

## Desenvolvemento

Unha vez máis tivemos que permitir a asistencia a máis dos 40 participantes previstos chegando ás 100 persoas.

O moderador, Pablo Nimo, ampliou as preguntas de partida con outras que complementaron as que sinalamos inicialmente.

## Ideas chave que xurdiron nesta sala aberta

- Unha idea recorrente nesta sala: que o profesorado precisa de máis formación en TIC.
- A formación en TIC está descontextualizada.
- Os problemas que pode ter a formación en TIC non difiren dos problemas que ten a formación en xeral.
- Non somos consecuentes entre o que dicimos e o que facemos.
- Máis asesores para a formación e AMTEGA.
- Demanda xeralizada para mellorar a conectividade nos centros que dificulta que se poidan aplicar na aula moitas das dinámicas nas que se forman.
- Valoración moi positiva da "formación entre iguais". Algúns vena como "a máis efectiva".
- Hai dúbidas pero pénsase que existe espazo para a innovación nos nosos centros.
- "Quen nos axuda a facer unha criba de coñecementos na rede?". Infoxicación.
- Precísase de máis formación en TAC (Tecnoloxía da Aprendizaxe e do Coñecemento).
- Demanda de que en Galicia exista unha regulación en TACs como en Cataluña.
- Sobre o Itinerario Formativo da Competencia Dixital en Galicia existente dende o 2012/13 : os catro primeiros niveis son excesivamente instrumentais. Tan só o nivel avanzado contempla como aplicalo na aula.

- 
- Deberíamos plantexar a formación en función das necesidades do profesorado. Só así sería máis eficaz.
  - Unha apreciación: "Hai tarefas que se fan máis rápido e eficiente sen tecnoloxía que con ela".
  - Escepticismo: "Na tecnoloxía educativa véndese moito fume".
  - Durabilidade da tecnoloxía e relación co software libre.
  - Sobre a formación en software: "precisamos formarnos no que precisamos. Non en todas as posibilidades que pode ter unha ferramenta".
  - Fetichismo metodolóxico. "A pedagogía é unha competencia e non un coñecemento".
  - Excesiva burocracia para poder implementar cambios metodolóxicos: "O que non nos dan pedagóxicamente nolo prohiben burocráticamente".



---

# As redes sociais na educación

**Moderador: Miguel Ángel López Fernández** (@hematocritico)

Sábado 18 de abril na aula 25 (12:10 a 13)



---

## Puntos de partida

- As redes sociais poden contribuír de forma efectiva a un cambio metodolóxico?
- As redes sociais: aliadas o ameaza?
- Seguridade na rede: perigos, políticas de privacidade...
- Que idade sería a idónea para traballar con este tipo de espazos virtuais? Respectamos a idade legal que permite o seu uso?
- Está o profesorado preparado para o que precisa neste contexto tecnolóxico?.

## Desenvolvemento

Ampliamos unha vez máis o número previsto de asistentes: dos 40 iniciais a un total de 100 que tiveron que distribuírse pola aula.

## Ideas chave que xurdiron nesta sala aberta

- A "flexibilidade" é a característica educativa das redes sociais máis valorada polos docentes.
- Falamos das posibilidades de Facebook na escola.
- O tema recorrente de esta sala aberta é "o medo a que se nos vaia das mans".
- É moi complicado separar o profesional e o persoal nas redes sociais. Varios asistentes comentan situacións sobre este particular.
- A dificultade de controlar a contorna.
- "Sensación de que me sobrepasa".
- Unha solución para separar o profesional do persoal nas redes sociais é crear un perfil exclusivo para uso docente.
- É imprescindible "establecer os límites" e consensuar o tema en clase.
- O uso de demasiadas ferramentas "pode confundir".
- Reticencias dos equipos directivos dos centros para o traballo coas redes sociais.
- As redes sociais están moi estigmatizadas. Teñen mala fama.
- Medo ao descoñecido.
- "É máis fácil prohibir que educar".
- Debate sobre as vantaxes e inconvenientes de Twitter. A seguridade en Twitter (cadeado). Hai posibilidade de rede interna.
- O obxectivo é adquirir o gusto por aprender por iso debemos partir do que eles queren e lles motiva.




- Hai alumnos que rexeitan Edmodo porque o asocian con tarefas escolares e deberes. Podemos utilizalo de xeito máis creativo a aproveitar todas as potencialidades.
- O anonimato das Redes Sociais (RRSS) é un dos puntos máis conflictivos.
- As RRSS son moi interesantes como recurso educativo para iniciar un debate e non para poñer deberes.
- Importante un achegamento por curiosidade e non por imperativo.
- "Grazas a Internet a lingua escrita está resucitando".
- En moitos centros está prohibido usar o móbil. Non podemos prohibir todo o tempo. Temos que esixir que os lexisladores fagan Leis razonábeis.
- Como profesores estamos indefensos ante calquera problema.
- O problema do que queda escrito. Falamos das listas de Whatsapp. "Todo se magnifica". Criticas á privacidade dos docentes que usan RRSS.
- Non facer nada nas RRSS que no fagamos na vida real.
- Comentamos o caso de Canadá onde usan os móbiles na aula con normalidade.
- Sobre o teléfono móbil e redes sociais: "Non desconfiar do mal uso. Educar no bo uso".
- "Prohibir o móbil non significa que non exista".
- "Cando usamos educativamente o móbil deixa de ter chiste".
- Nos centros estase a producir unha dicotomía entre o "cambio" e a "resistencia ao cambio" sobre o uso do móbil na aula.
- O reto dos docentes neste contexto debe ser a "rebeldía".
- "As RRSS pertencen ao mundo dos nosos alumnos. Ata que punto podemos entrar nel?".
- "Temos que buscar usos creativos aos móbiles e RRSS nas nosas aulas".



# Os direitos de autor e licenzas de uso

**Moderador: Agustín M. Carracedo Santos (@agustincs)**

Sábado 18 de abril na aula 25 (13:10 a 14)



---

## Puntos de partida

- Temos en conta as licenzas de uso e dereitos de autor da multimedia que empregas nos traballos de aula?.
- Licenciades os vossos traballos?.
- Que tipo de licenza empregades?.
- Usades o dereito de cita? Sabedes en que casos poderdes acollervos a este dereito e en cales non?.

## Desenvolvemento

Ampliamos o número de cadeiras a 50. Aínda así chegamos a un total de 100 que tiveron que distribuírse pola aula.

Repartimos tamén un documento co resumo das principais licenzas de autor Creative Commons e as restricións que levan asociadas. Está publicado este documento en pdf na web dos materiais de estas xornadas.

## Ideas chave que xurdiron nesta sala aberta

- Ventaxas da licenza Creative Commons (by-sa) que se está impoñendo na maioría das convocatorias da Consellería así como do INTEF. Está considerada unha licenza da chamada "Cultura libre". Considérase como "máis xusta".
- Repositorios de contidos REA. Son importante porque o que esté aí está aberto.
- Cultura libre versus reservar dereitos.
- Simil co que sucede no ámbito científico: "En ciencias hai que citar os que propiciaron o noso traballo".
- Importante educar aos nenos nos dereitos de autor. Que fagan un traballo e o licencien.
- Se usamos unha licenza aberta beneficiámonos todos.
- O profesorado non temos moi en conta os dereitos de autor e licenzas de uso. Queda moito camiño por percorrer.
- Se non se explicita o contrario todo o que atopemos pola rede ten dereitos de autor.
- O código embebido pode ser unha solución aínda que ten os seus riscos.
- Falouse do tema da emisión de videos nos centros pola recente circular da Consellería.
- Interese polos bancos libres.
- Crear materiais dixitais tendo en conta os dereitos de autor e licenzas de uso multiplica o traballo.

- O dereito de cita na educación causa debate e novas dúbidas.
- "A lexislación nesta temática está anclada no pasado".
- Algún asistente chama á rebeldía a usar os contidos sempre que non exista ánimo educativo.
- Unha asistente fala dun problema con imaxes subidas a Flickr: houbo un cambio de licenza a todas as imaxes que tiña subidas pararon a ser da propiedade do servizo.
- Explicación das dúas licenzas dos videos que hai en youtube: Youtube santandard e Atribución de autoría (by).




---

# Os desafíos TIC para un cambio educativo

**Moderador: César Poyatos** (@cpoyatos)

Sábado 18 de abril na aula 25 (18 a 18:50)



## Puntos de partida

- 
- O estudante como protagonista ou como receptor/asimilador de contidos.
  - Responde actualmente a escola aos desafíos que demanda a sociedade?.
  - Aplicas na aula algunha das novas metodoloxías TIC: Clase invertida, aprendizaxe colaborativa, aprendizaxe baseada en proxectos (ABP), ludificación, aprendizaxe móbil...?.
  - Que problemas organizativos presenta a aplicación destas novas tecnoloxías?.

## Desenvolvemento

Continuamos coa disposición de 50 cadeiras en corro. Aínda así chegamos a un total de 60. Foi a sala con menor número de asistentes debido fundamentalmente a que o moderador era o mesmo da conferencia de clausura. Comezamos cunha dinámica en parellas para iniciar o debate.

### Ideas chave que xurdiron nesta sala aberta

- O alumno é tanto protagonista como receptor de contidos. Asume ambos roles. É un rol bidireccional.
- "A lexislación dificulta que o alumno sexa o protagonista".
- "Non lles damos a palabra aos nosos alumnos".
- "Seguimos vendo a escola como formadora de traballadores e non como didadáns".
- "Temos medo a facer ao alumno protagonista porque nós perderíamos un suposto protagonismo" (protagonismo que non temos).
- "Somos guía de coñecemento". "A nosa función é orientar ao alumnado". Nós non somos os posuidores do coñecemento.
- "Non temos que formar expertos senón persoas que saiban buscarse a vida".
- "Os docentes non respostamos ás expectativas que demanda a sociedade. A escola sí".
- Medo ás avaliacións externas.
- A pesares de todo, a escola sempre incorporou avances tecnolóxicos.
- Traballar o "pensamento diverxente": saber buscar solucións a problemas que se nos presentan.
- "Os nenos demandan inmediatez e a escola non llo ofrece".
- Partir sempre dos intereses dos alumnos.
- "Debemos converter o currículo nunha arma ao noso favor".
- Sobre o currículo: "Non queremos todo masticado. Queremos cociñar nós".
- Antes e agora sí que podemos cambiar a metodoloxía. O novo currículo tamén o permite.
- Hai unha falta de coordinación entre os docentes sobre todo en secundaria.
- "Non se recoñecen as horas investidas nas novas tecnoloxías".

- 
- Un alumno fai unha observación de que "levamos un rato falando de nós os docentes e da Administración pero non dos alumnos".
  - Queixas sobre o momento de elección dos libros de texto que poden condicionar a metodoloxía a empregar no seguinte curso: "Tragamos en setembro os libros que escolleron por nós en xuño".
  - Hai unha sensación de perda de tempo cando nos iniciamos por primeira vez nalgũa destas novas metodoloxías.
  - É fundamental o traballo colaborativo e entre iguais para que estas metodoloxías poidan aplicarse.



***As opinións que aparecen neste documento son un reflexo da dinámica das diferentes salas abertas e non representan a opinión dos organizadores de escolatic2015.***